DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

http://dspace.usc.es/

Instituto da Lingua Galega

Mª D. Sánchez Palomino (2004): "O tratamento do xénero na tradición gramatical galega", en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 195-215.

You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

http://ilg.usc.es/

A lingua galega, historia e actualidade. Actas do I congreso internacional:
Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2004: 195-XX

O TRATAMENTO DO XÉNERO NA TRADICIÓN GRAMATICAL GALEGA

María Dolores Sánchez Palomino

Facultade de Filoloxía. Universidade da Coruña

0. Límites e obxectivos do traballo

Este traballo pretende contribuír a un mellor coñecemento da tradición gramatical galega e do tratamento que no seo desta tradición se foi dando a unha cuestión tan importante en calquera gramática como é a do xénero. Ámbolos dous obxectivos cobran un interese particular cando a lingua estudiada é unha lingua aínda por normalizar e normativizar ou recentemente normativizada como o galego. Estudiarémo-la categoría do xénero nos substantivos, sen excluírmos algunha mención ós adxectivos polas transposicións existentes entre as dúas clases de palabras. Polo demais, se o punto de partida desta análise é a gramática de Mirás, do 1864, o punto de chegada é a de X. X. Costa Casas *et al*. do 1988, e tamén, aínda que non se trate dunha monografía, o artigo publicado por R. Álvarez Blanco e H. Monteagudo Romero no *LRL* (1994)[1]. Analizaremos individualmente cada traballo, para ofrecer unha visión máis global nas conclusións. Non pareceu práctico facelo doutro xeito, desligando por exemplo diferentes apartados que presentan algunhas gramáticas actuais (definición e funcións, clasificación dos substantivos, etc.), porque ata hai pouco moitas gramáticas non mostraban tales divisións, de xeito que mesturaban diversos apartados, omitían algúns ou confundían outros, e porque iso levaría a repetir con frecuencia os mesmos contidos pola ligazón de moitos deses aspectos.

[1] Non tivemos en conta os métodos prácticos para a aprendizaxe do galego do tipo *Gallego 1, 2 y 3,* Santiago de Compostela, Instituto de la Lengua Gallega, 1971-1975, ou *Edigal galego 1, 2, 3, 4,* de X. L. Regueira *et al.,* Santiago de Compostela, Edigal, 1985. Tampouco incluímo-las obras de José de Santiago y Gómez, *Filología de la lengua gallega,* Santiago de Compostela, El Eco Franciscano, 1918, e de A. Couceiro Freijomil, *El idioma gallego: historia, gramática, literatura,* Barcelona, Alberto Martín, 1935, pola súa orientación histórica, ó que se suma, no caso da primeira, o seu dubidoso carácter gramatical.

1. CARA A UNHA VISIÓN INDIVIDUALIZADA

Son sabidas as deficiencias da gramática de Mirás, que só pode entenderse como tal se se parte dun concepto xeneroso de gramática, por máis que ninguén lle poida nega-lo mérito de se-la iniciadora da tradición gramatical galega (polo menos que se saiba) e de incitar a outros ó estudio dos "dialectos" (1864: 10). Tampouco tiña o seu autor maiores pretensións, como se ve xa no título da obra. A ausencia de referencias ó xénero, como a tantas outras cousas, intenta xustificala así Mirás (1864: 9-10):

> "Siendo bastante conocido cuanto en un compendio gramatical se pudiese decir con respecto á las definiciones de los accidentes ó partes constitutivas de la oración, me he abstenido de todo esto, porque el presente **Compendio** no tiene otro objeto que el aclarar cuanto sea posible las locuciones y vocablos mas obscuros del dialecto gallego. Por tanto me pareció lo suficiente la declinación del artículo, nombre, pronombre; la conjugación de los verbos regulares, y la de algunos irregulares de mas complicación con su correspondencia castellana al frente así de estos, como de otros vocablos que para su inteligencia hemos insertado á fin de que los lectores del dialecto gallego puedan deducir de este análisis la relación que tiene tanto con el lenguaje Español, como con el de los antiguos Romanos, y la modificación que ha sufrido con el transcurso de los siglos."[2].

E a isto efectivamente se atén Mirás no tocante á flexión do nome, reunindo no primeiro capítulo os apartados "Declinación del artículo determinado ó définido", "Declinación del artículo indeterminado ó indefinido", "Modo de suplir la declinación gallega" e "Formación del plural de los nombres gallegos".

Escasa valía gramatical ten tamén *El habla gallega*, de J. Cuveiro (1868), onde non aparece ningunha definición de xénero. A única referencia que se atopa consiste en dicir que as letras son indistintamente masculinas ou femininas (1868: 1). Empézase declarando que "en el sustantivo, poca ó ninguna diferencia se advierte del gallego al castellano" (1868: 8), para pasar a enumerar simplemente algúns exemplos de nimias diferencias (máis ben traduccións) nos adxectivos (1868: 8-9).

En tódolos aspectos, a gramática de Saco (1868) supón un punto de inflexión moi importante nos estudios sobre o galego, non só polo aumento de información e de rigor con respecto ó publicado ata ese momento, senón tamén pola súa influencia en traballos posteriores. Así ocorre no relativo ó xénero, que se define por primeira vez como segue (1868: 22-23):

> "Las modificaciones á que están sujetas las palabras variables, reciben el nombre de *accidentes gramaticales*. Estos en el nombre gallego y castellano son dos, destinados á expresar el sexo y la unidad ó pluralidad: llámanse *género* y *número*. Las varias relaciones expresadas por los casos griegos y latinos se denotan aquí por medio de pre-

[2] Respectámo-lo estilo dos caracteres dos textos orixinais.

> posiciones; pero estos giros no constituyen entre nosotros un accidente gramatical del nombre, puesto que en nada se altera con ellos la extructura [*sic*] de la palabra. El conjunto de los accidentes del nombre se llama *declinación*."

Neste parágrafo, onde persiste a comparación co castelán, defínese, polo tanto, o xénero como o accidente gramatical encargado de indica-lo sexo. Por unha banda, esta vinculación do xénero co sexo resulta insuficiente, pois é obvio que as cousas carecen del, e á inversa, hai nomes de seres sexuados que non sofren variacións na súa forma para indica-lo sexo ou nos que o xénero gramatical non coincide co sexo. Por outro lado, falamos de xénero nos substantivos aínda que non comporte variacións formais na palabra (exista sexo real ou non); de modo que só se pode ligar ó sexo certo tipo de variación xenérica. Saco non ignora isto, aínda que non o plasme inicialmente na súa definición. De feito, a seguir intenta unha clasificación que se irá repetindo no sucesivo, ó indicar que o xénero se pode coñecer polo artigo determinado ou indeterminado, que adoita acompañar tódolos nomes (co cal está considerándoo máis ben como trazo redundante en moitos casos, e non especificamente referido ós "nomes de xénero común"), polo significado e pola terminación.

Os dous últimos apartados[3], aínda que se diferencien con numeracións distintas, sofren certa mestura, xa que na determinación do xénero polo significado inclúe tanto os nomes de seres sexuados coma os doutros elementos non sexuados (ventos, ríos, países…), intentando ó mesmo tempo asignarlles un xénero pola súa terminación, de maneira que o *-o* sería máis ben marca de masculino e o *-a* de feminino; en cambio, outras terminacións serían máis difíciles de adscribir: masc. *caravel vs*. fem. *vide*, *uz*. Isto implica que ámbolos dous criterios non se consideran excluíntes.

Os nomes de animais, incluídos no apartado da significación, tamén poderían recibir segundo o sexo diferente terminación xenérica; menciona casos tan diversos coma o dos nomes que simplemente cambian o *-o* por *-a* e o dos heterónimos, é dicir, agrúpanse os cambios morfemáticos cos de radicais. Mesmo menciona os epicenos, polo xeral nomes de aves, insectos, réptiles e peixes, que recibirían o artigo masculino ou o feminino para ámbolos dous sexos, dependendo da terminación da palabra (o que non sempre ocorre así: *o gorila*).

De igual modo opera no último apartado, onde parece aludir ós nomes de xénero inmotivado (só cita algún nome de arbusto, como *a vide*): serían masculinos os rematados en *-o* / *-au*, *-l* e *-n*, e femininos os derivados da primeira declinación latina, os acabados en *-de* e os monosílabos en *-z*, sempre coas correspondentes excepcións (así, para os en *-n*, *fin* e os procedentes do latín *-tio*, como *razón*, *oración*). Dos acabados en *-e* e *-s* (*relós*, *clas*) non podería darse regra xeral, mentres que os rematados en *-r* serían a maior parte masculinos. Salvo casos puntuais (*viaxe*, *azoute*, *cuspe*, *cima*, *fin*), coincide o

[3] ¿É posible ver nestas ideas unha influencia da gramática de A. Bello, que tivo cinco edicións corrixidas polo autor entre 1847 e 1860? (*v*. ed. 1980: 160-162).

xénero asignado por Saco co sinalado no VOLG (1989). Estes intentos de clasificación do xénero dos substantivos segundo a terminación faranse con maior ou menor fortuna a partir de aquí en tódalas gramáticas.

Polo que se refire ós adxectivos, entre os que cita algúns que tamén son ou poden ser substantivos, clasificaos en xeral correctamente, distinguindo os que teñen unha soa desinencia xenérica, en *-e* (*quente*), *-a* (*maula*), *-l* (*mol*), *-r* (*pior*), *-z* (*feliz*) ou *-s* (*barballoas*), e os que teñen dúas desinencias, *-o* / *-a*, con substitución dunha por outra, excepto en *bô* / *boa*, algúns en *-r* e *-z* e os rematados en *-on*, que engaden o *-a* (*señor* / *señora*, *rapaz* / *rapaza*, *lambón* / *lambona*, *ladrón* / *ladroa*, *ladra*). Xeneraliza en exceso cos acabados en *-an* (*-au*), incluídos os que denotan patria, que formarían o feminino cun *a* longo moi aberto, perdendo *-n*, *-u* finais: *nugallán* / *nugallá*, *cormau* (forma dialectal ourensá) / *cormâ* (1868: 33-36).

Por último, se na súa definición inicial Saco unicamente atribuía ó xénero a función de marca-lo sexo, máis adiante aludirá á capacidade de expresar outros matices significativos, aínda que non se estenda sobre isto nin sistematice demasiado. Apunta a posibilidade de feminizar algúns nomes de "empleos o dignidades" cando as mulleres teñen algunha relación con eses cargos, e incluso nomes propios, pero non conreta os matices pexorativos que adquiren moitos destes femininos: *a tenienta*, a muller do teniente; *a abada*, a ama do cura; *a Rolana*, a esposa de *Rolan* (1868: 36). Considéraos erroneamente casos de adxectivación; de aí que os trate no apartado dos adxectivos.

Nos *Elementos de gramática gallega*, de M. Valladares (1892), atopamos unha definición na que se retoman as ideas de Saco, se ben aquí a definición vai acompañada dunha clasificación máis ampla e explícita dos posibles "xéneros" (1970: 25)

> "[Género] Es el que diferencia las partes declinables de la oración con referencia al sexo, que puede ser masculino, ó femenino. Distínguese el uno del otro por razón de su significación y terminación, según veremos más adelante, y en gallego, además, el masculino, por el artículo determinado *o*, ó por el indeterminado *un*, como *o pai* = el padre: *un pai* = un padre. Y el femenino, por el artículo determinado *a*, ó el indeterminado *unha*, como *a nai* = la madre: *unha nai* = una madre. Así que estos artículos y todos, ó casi todos, los pronombres hacen que á los géneros arriba dichos haya de aumentarse el neutro, el epiceno, el común y el ambiguo."

Con esta última mención, parece estende-la capacidade de indica-lo xénero a outros determinantes distintos dos artigos e sitúa o xénero neutro ó mesmo nivel có epiceno, có común e có ambiguo. Cada un dos xéneros sinalados recibe a súa correspondente definición (1970: 25-26):

> "Género neutro es el que comprende solo cosas inanimadas, ó inciertas y no admite número plural, como *o bó* = lo bueno, *o malo* = lo malo; *o justo* = lo justo; *esto*, *eso*, *aquelo* = aquello.
>
> Epiceno, género del nombre que, bajo una misma terminación y artículo, comprende los dos sexos, como *touron* = turon; *coéllo* = conejo y es siempre masculino, aunque

> se hable de las hembras; mientras que *donociña* = comadreja y *chicharra* = cigarra, por ejemplo, son siempre femeninos, aunque se hable de los machos.
> Común, género del que, bajo una misma terminación, aplicable á los dos sexos, es masculino, ó femenino, según de quien se hable. V. g. agente, inocente, maula, pedante, regente, salvage, simple, testigo &, que son masculinos, si se habla de varones; femeninos, si de hembras.
> Y ambiguo, género del que puede usarse, ya como masculino, ya como femenino. Por ejemplo: *o mar*, *a mar* = el mar, ó la mar; *o dòte*, *a dòte* = el dote, ó la dote; o lente, a lente = el lente, ó la lente &."

En realidade, Valladares confunde aquí o concepto de xénero, reductible ó masculino e ó feminino e nalgúns pronomes ó neutro, coas distintas maneiras posibles de indicalo ou cos nomes mesmos (ambiguos, epicenos…). En canto ó neutro, que desapareceu dos nomes, é certo que Valladares non fala del como xénero do nome, a diferencia dos outros casos, senón que se refire ó significado abstracto da expresión "artigo + adxectivo" e ó xénero dalgúns pronomes.

De xeito un tanto incongruente con isto, aborda Valladares a formación do feminino dentro do apartado dedicado ó adxectivo (1970: 36-40). Tras enunciar que só os substantivos poden rematar en *-i*, *-u* (non ten en conta, pois, formas como *cru*), pasa a considera-la formación do feminino nos substantivos como fixera Saco, segundo rematen en *-a*, *-e*, *-l*, *-n*, *-o*, *-r*, *-s* ou *-z*. Non imos entrar na casuística detallada de todas estas posibilidades, polo demais chea de castelanismos (*sartén*, *estrujón*, etc.); abonde con dicir que erra ó ter por castelá a terminación *-z* e que en ocasións se separa de Saco e da normativa actual ó considera-lo xénero de certos substantivos: así, menciona demasiados ambiguos (*azouta*, *lanvita*, *víspora*, *arte* en singular, *mar*, *costume*, *sangue*, *calambre*, *carraje*, *ramaje*, *auga-ras*, *cariz*, *nariz*, *pez*, así como *sal*, *cal*, *canal*, *fèl*, *mèl*, se ben estes "comunmente" masculinos (1970: 38), e *labor*, *calor*, *color*, *delor*, habitualmente femininos.

No 1922 ve a luz a primeira gramática en galego, a de Lugrís, que, considerando dialectal a de Saco, nace cun propósito "rexenerador" (1931: VI). Coma sempre, inclúe o nome entre as partes variables da oración, cos accidentes gramaticais de xénero e número (1931: 13):

> "O *xénero*, do que carecen os verbos, indica se a persoa ou cousa de que se fala ê masculina ou feminina."

Como vemos, non se menciona inicialmente o sexo, o que permitiría reunir na mesma definición elementos sexuados e non sexuados, por máis que os termos masculino e feminino aludan sempre en última instancia á cuestión sexual.

A organización da gramática é xa máis racional, e nela dedícase o capítulo II ó substantivo. Polo demais, se por un lado se apunta que o xénero se coñece pola terminación, por outro tal xénero vai asignándose conforme á terminación, cunha casuística de voces masculinas, femininas ou de ámbolos dous xéneros na liña das gramáticas ante-

riores, onde tamén se deixa ve-la influencia de Saco. Como novidade, elimina moitos dos ambiguos sinalados por Valladares, polo xeral na liña do VOLG (1989). Respecto dos terminados en *-an*, recomenda como correcta a flexión *-án* / *-á*, en vez de *-án* / *-án*, rexistrada en parte de Galicia (1931: 26).

En Carballo Calero (1966; 1979, 7ª ed.) atopamos un tratamento máis amplo e científico de todas estas cuestións. Estamos diante dunha obra que se propón informar sobre "los caracteres esenciales del gallego" y describir "la lengua común", se ben non deixa "de dar noticia […] de las particularidades más importantes de carácter dialectal, incluyendo las singularidades de la literatura de hoy" (1979: 7, prólogo á 4ª ed., de 1973; v. tamén p. 12). Se por unha banda se insire na tradición gramatical ó tomar como punto de referencia o castelán, tamén se aparta dela pola comparación co portugués (1979: 8).

Divide a súa exposición en dous apartados: "o xénero", onde básicamente se fala dos nomes que teñen unha ou outra terminación e de certos grupos de nomes caracterizados por un determinado xénero, e "a formación do feminino", onde se clasifican os substantivos e se dan certas normas para a flexión.

No tocante ó xénero, aínda que comece por esa comparación co castelán, común a autores precedentes, apréciase unha formulación máis precisa da súa función (1979: 159):

> "La mayor parte de los substantivos gallegos tienen el mismo género que sus correspondientes castellanos cuando los unos y los otros proceden del mismo étimo. Fuera del caso de los seres humanos y algunos animales cuyo sexo es notorio o importante para el que habla[4], y que se agrupan naturalmente en masculinos y femeninos, la clasificación genérica de los nombres no responde a reglas fijas de carácter semántico. Morfológicamente, la terminación *-o* es generalmente signo de género gramatical masculino; la terminación *-a*, de femenino. Aparte de esta norma, cuyas excepciones nos ocuparán en seguida, no hay signos morfológicos suficientemente precisos de división genérica. El género gramatical en los demás casos es una cuestión de léxico, determinado por el uso."

Polo tanto, establece unha clara división entre nomes de xénero motivado e inmotivado. Refírese tamén ós nomes epicenos e ós de xénero común; estes últimos serían realmente adxectivos dunha soa terminación ou aposicións de nomes de cousas, que se aplican a persoas dun ou doutro sexo e se diferencian polo artigo, por ex., *o* / *a mártir* (1979: 162).

Tampouco esquece Carballo (1979: 162) outras distincións semánticas ás que pode dar lugar a variación xenérica, como o tamaño e a distinción individual / colectivo, aínda que non exista unha organización da materia tan detallada como veremos en Álvarez Blanco *et al*. (1986):

> "Entre los nombres de cosas los hay que forman parejas cuyos individuos sólo se diferencian fonéticamente por la terminación *-o* o *-a*, siendo los primeros masculinos y los

[4] Saco apuntou nesta dirección ó referirse ós nomes daqueles animais "que por su utilidad, por su canto ó por el terror que inspiran, son mas conocidos de los gallegos" (1868: 28).

> segundos femeninos. Pero son semánticamente independientes, el uno no es el femenino del otro, designan especies de cosas distintas, aunque etimológicamente estén relacionados. En muchos casos, las formas en *-a* proceden del plural neutro latino, y tienen, al menos originariamente, carácter colectivo. Lo mismo ocurre en castellano. Así *froito* 'fruto', *froita* 'fruta'. Pero también es frecuente que el sufijo *-a*, dando, desde luego, género gramatical femenino al nombre, le imprima un sentido aumentativo. En algunos casos, el derivado puede ser el masculino en *-o*, que reviste carácter diminutivo"

Como exemplos en que *-a* achega un valor aumentativo cita *agro* / *agra*, *campo* / *campa*, *carballo* / *carballa*, *caseto* / *caseta*, *leiro* / *leira*, e tamén menciona algún exemplo de relación inversa, como *espeto* / *espeta*. Un caso sen parentesco semántico entre as formas en *-o* e en *-a* sería o de *gramo* / *grama* (trátase en realidade de dous lexemas diferentes).

Ofrece así mesmo a casuística habitual máis ou menos ordenada. Cando o sexo ten importancia, os nomes son variables e entón forman o feminino da seguinte maneira (fixémonos en que se distingue xa a substitución do engadido):

–Masc. *-o* átono, substitución por *-a: fillo* / *filla*.

–Masc. *-ó* tónico ou -consoante, engadido de *-a: abó* / *aboa*, *deus* / *deusa*.

–Masc. *-n*, feminino con desaparición desa consoante nas voces patrimoniais: *irmán* / *irmá*, *padrón* / *padroa*. En voces modernas e outras, non se perde o *-n: Xoán*, *Xan* / *Xoana*, *Xana*; *solteirón* / *solteirona*.

–Fem. por medio de sufixos diversos: *profeta* / *profetisa*, *abade* / *abadesa*, *actor* / *actriz*, *galo* / *galiña*, *rapaz* / *rapariga*.

–Fem. irregular, con cambio fonético no radical ou sobre radical distinto: *cabalo* / *égua*, *pai* / *nai*, *rei* / *raíña*, etc.

Bótase en falta nesta lista algunha orientación relativa, por exemplo, ós casos en que existe unha alternancia *-e* / *-a*.

Un claro propósito normativo ten a gramática de Carré (1967), que no seu afán purista non deixa de manifestar un certo desprezo pola fala do pobo (1967: 8)[5]. Vólvese á consideración do xénero e do número como accidentes gramaticais das partes variables da oración e á simplificación inicial de que "el primero expresa el sexo y la unidad o pluralidad el segundo" (1967: 37). No capítulo III (1967: 38-55), dedicado ó nome, retoma a idea de que o xénero se pode coñecer polo significado ou pola terminación, deixando para o artigo o papel de denotador. Sen embargo, ó noso xuízo, resulta incoherente cando indica que polo seu significado pertencen ó masculino os nomes de varóns e animais machos, "y en general las cosas o seres inanimados a los cuales se considera gramaticalmente como si fuesen del sexo masculino" (1967: 39), e o mesmo co feminino, xa que mestura o aspecto semántico e o formal.

[5] Incorre nalgunha contradicción ó respecto, pois unhas veces afirma que o galego culto e pulido se fala nas cidades e outras declara que o galego se fala "con relativa pureza" en zonas rurais e marítimas e está en cambio corrompido nos suburbios das cidades (1967: 8).

Mentres para Carballo a meirande parte dos substantivos galegos tiñan o mesmo xénero cós casteláns correspondentes, Carré insiste en que hai moitísimas diverxencias. Apunta casos de substantivos que aparentemente teñen terminación para ámbolos dous xéneros, pero que en realidade significan cousas distintas (*río* / *ría*). E fai as mencións habituais ás tendencias a cada xénero segundo a terminación (coincidindo en xeral con Saco salvo algunha diferencia, como considerar masculinos a maior parte dos que terminan en *-s*), ás correspondentes excepcións, así como ó xénero de certos tipos de substantivos e ás posibilidades de formación do xénero: *-o* / *-a*, nomes diferentes, xénero epiceno, cambios de xénero nos nomes propios. Non menciona aquí o xénero común, senón máis tarde, cando quere da-las regras para coñece-lo xénero dos nomes. Fronte ó que afirmaba Valladares, non existe para Carré o neutro, pois o abstracto se adapta ó masculino. Por último, non atribúe máis función ó xénero cá de distingui-los sexos.

Rábade *et al*. presentan igualmente unha gramática con fins normativos (1980: 8, 20) que segue tomando o castelán como lingua de referencia. Procuran empregar un galego "todo o máis puro posible, limpando a nosa língua de castellanismos, vulgarismos e hiper-enxebrismos" (1980: 9). Declaran escolle-la forma galega sempre que é posible, e cando existen varias solucións galegas, a máis próxima ó portugués, recorrendo directamente a esta lingua cando non hai solución galega (a menos que a solución portuguesa sexa un préstamo estranxeiro: non indican qué fan entón). En canto á ortografía, buscan unha "volta á tradición medieval –coincidente en moitos casos co actual sistema luso-brasileiro" (1980: 10).

Sen definición previa, trátase o xénero na lección VIII (1980: 83-87), segundo o mesmo esquema de Carballo (1979): xénero e formación do feminino. No primeiro apartado distinguen os xéneros masculino, feminino, común e epiceno coas tendencias correspondentes en virtude da terminación, todo isto mesturado nunha serie de puntos de carácter diverso (ó lado desta distinción aparecen afirmacións relativas ó xénero de grupos concretos de nomes ou diferencias específicas de xénero entre galego e castelán). O que si se sinala é a posibilidade de que o xénero indique variacións semánticas como colectivo / non colectivo (*fruta* / *fruto*, *leña* / *leño*), tamaño grande / pequeno (*agra* / *agro*, *leira* / *leiro*, *horta* / *horto*, *cesta* / *cesto*), ou que comporte significados diferentes en palabras carentes de relación etimolóxica ou semántica (*gramo* / *grama*, *o* / *a corte*, dous exemplos de características diferentes, pois no segundo o substantivo non presenta variación morfolóxica).

A seguir comeza o apartado sobre a formación do feminino, coas regras e excepcións habituais e a seguinte enumeración, semellante tamén á de Carballo (1979):

> –Acabados en *-o* átono, cambian esta vocal por *-a*. De novo faltan casos de alternancia *-e* / *-a*.
>
> –En *-eu*, fem. *-ea: ateu* / *atea*. Excepcións: *xudeu* / *xudia*, *sandeu* / *sandia*, *reu* / *re*, *illeu* / *illoa*.
>
> –En consoante distinta de *-n* ou vocal acentuada, engaden *-a: deus* / *deusa*, *cru* / *crua*, *española* / *española*, *leitor* / *leitora*, *rapaz* / *rapaza*.

–Os en *-án* poden forma-lo xénero de dúas maneiras: trocando *-án* por *-á*, en voces populares (*irmán* / *irmá*) ou substituíndo *-án* por *-ana* en termos máis cultos: *sultán* / *sultana*.

–Substantivos e adxectivos en *-ón:* cambio de terminación por *-oa* nas voces máis populares (*patrón*, *león*, *ladrón* (tamén *ladro* / *ladra*)) ou por *-ona* en vocábulos aumentativos ou despectivos: *solteirón*, *sabichón*, *valentón*.

–Xuntos nun mesmo apartado volvemos te-los substantivos e adxectivos con feminino irregular, formado ben mediante sufixos especiais ou ben mediante formas independentes: *carneiro* / *ovella*, *cónsul* / *consulesa*, *heroi* / *heroína*, *macho* / *fémea*, *frade* / *freira*.

Na casuística concreta, existen bastantes discordancias coa norma actual do VOLG (1989) e dos diccionarios académicos (*o fantasma*, *a personaxe*, fem. *catalá*, *guardiana*, *campeoa*, *vendedeira*, masc. e fem. *só*, formas como *ateu)*.

A gramática de Álvarez Blanco *et al*. é xa unha gramática feita desde o propio galego conforme ós criterios seguintes (1986: 7):

> "Sendo unha gramática do galego actual, escúsanse as referencias a variantes históricas. Non se atopará aquí tampouco nin unha dialectoloxía nin unha estilística: as formas escollidas son as do galego estándar, segundo a normativa oficial vixente, e en canto ó seu emprego, déuselles cabida dentro do que é razoable a tódalas posibilidades existentes. […] Nin pretende ser unha gramática prescritiva ou normativa, xa que non sanciona sobre a corrección ou incorrección dos usos do galego, aínda que, co criterio purista que a preside, se condenen aqueles que se deban a interferencia de linguas alleas."

O xénero vai tratado aquí nos seguintes apartados, nos que ás veces se producen algunhas repeticións: función clasificadora, función distintiva (non existe un apartado superior de "funcións do xénero"), significación do morfema de xénero e morfoloxía.

A dobre función, clasificadora e distintiva, que se lle atribúe á categoría do xénero supón unha formulación nova. A primeira "permite, sobre a base dos morfemas, agrupa-los substantivos en clases mórficas, ó tempo que a oposición masculino / feminino serve para distinguir seres por certas particularidades semánticas (sexo, tamaño, feitura…)" (1986: 55). O xénero ten, pois, repercusións formais e semánticas. Realízase explicitamente a distinción entre xénero real e gramatical, que non teñen por qué coincidir, así como entre substantivos con oposición de xéneros e os que carecen dela.

Por primeira vez sinálase que a categoría do xénero é inherente ó substantivo, o que no nivel sintáctico supón que "non está condicionado polas necesidades de concordancia dentro do enunciado" (1986: 55-56).

Aparece xa a seguinte clasificación dos substantivos polo seu xénero (volverase sobre a cuestión no apartado da morfoloxía):

a) Substantivos masculinos ou femininos que non presentan oposición de xénero (*o mar*, *a auga*).

b) Substantivos que presentan sincretismo formal entre o masculino e o feminino (*o camarada* / *a camarada*), que polo exemplo parecen corresponderse cos tradicionais nomes de "xénero común".

c) Substantivos que forman parellas opostas polo trazo de xénero masculino / feminino (*avó* / *avoa*, *fento* / *fenta*, *horto* / *horta*), que se subdividen en:

–substantivos coa mesma base léxica que se relacionan morfoloxicamente por medio do morfema flexivo de xénero: *oso* / *osa*;

–substantivos coa mesma base léxica que se relacionan por medio dun morfema derivativo (ó que pode engadirse ou non o flexivo): *heroe* / *heroína*;

–substantivos que non gardan ningunha semellanza nos respectivos significantes: *home* / *muller*.

Quedan aparentemente fóra desta clasificación, ou cando menos non se mencionan explicitamente, os substantivos nos que o xénero real ou sexo non se indica por procedementos morfemáticos nin por medio dos determinantes, senón por modificadores ou aposicións (*a formiga macho*, *o leopardo femia*), a non ser que se integren no apartado a) ou no b). Non se establece grupo específico para as parellas do tipo *horto* / *horta*, que son incluídas no apartado c).

En canto á función distintiva, estaría presente en homónimos como *o cal* / *a cal*, *o corte* / *a corte*, etc. Omítense os exemplos do tipo *gramo* / *grama*.

Baixo o epígrafe relativo á significación do morfema de xénero, considérase o masculino como termo non marcado, o que explica o seu emprego como xenérico para designar unha especie. Non faltan, con todo, as excepcións: *leira* é non marcado con respecto a *leiro*; *raposa* pode usarse como xenérico, etc. É a primeira vez que atopamos unha mención específica do morfema de xénero nunha gramática e que se reflexiona sobre o seu carácter.

Así, desde o punto de vista semántico, sinálase que a oposición masculino / feminino pode traducirse nas seguintes distincións, correspondentes ós aspectos sinalados na definición inicial:

1. Macho / femia

Normalmente asóciase a idea de xénero coa de sexo. Pero na liña do que diciamos arriba, indícase que, por unha parte, os substantivos susceptibles de oposición xenérica non só designan seres sexuados, e por outra, que mesmo nos que se refiren a seres sexuados non hai coherencia: *víctima*, *criatura*, *testemuña*, *xirafa*, *formiga*, etc. Ademais, a diferencia de sexo pode marcarse non só polo morfema flexivo de xénero, senón tamén por outros recursos lingüísticos (*v. supra*). Por último, insístese nun feito sinalado xa por Saco, como é que a forma feminina de certos substantivos (cargos, oficios, etc.) pode non indica-lo individuo femia desa clase senón a muller compañeira do individuo macho (*a alcaldesa*). Disto se deduce que habería que diferenciar en realidade dous casos distintos: aquel no que a distinción macho / femia se realiza segundo unha relación de equivalencia semántica entre un e outro xénero, e aqueloutro sen esa equivalencia, no que o feminino indica só relación dalgún tipo co individuo macho.

Incídese no matiz pexorativo que adquiren ás veces os femininos de substantivos que indican oficios tradicionalmente desempeñados por homes: *a médica*. Coidamos que este matiz pexorativo pode existir tamén en casos como o da *alcaldesa*. Afortunadamente, polo que se refire ós nomes de profesións, a evolución da sociedade fai que ditos matices se vaian eliminando pouco a pouco.

2. Individual / colectivo

Non se trata dun procedemento productivo senón de restos históricos: o masculino procede do acusativo singular dun neutro latino e o feminino do correspondente plural: *leño* / *leña*, *ramo* / *rama*, *ovo* / *ova*, *gran* / *gra*, *madeiro* / *madeira*.

3. Diferencias formais

Fixémonos en que non se fala esta vez en termos de oposición semántica. Trátase sobre todo de diferencias de tamaño, de xeito que normalmente o feminino designa o meirande.

> "Á nota de tamaño poden ir engadidas outras, consecuencia ou causa deste, como delicadeza na feitura, resistencia, aptitude para certos usos, etc., e mesmo ser estas as máis sobresalientes." (1986: 159)

Deste modo ocorre en *bolo* / *bola*, *cancelo* / *cancela*, *cesto* / *cesta*, *cubo* / *cuba*, *os lentes* / *as lentes*, *pozo* / *poza*, *sacho* / *sacha*, etc.

O matiz pexorativo pode aparecer aquí no masculino, cando a forma base é o feminino: *leiro*, "leira pequena e que non vale nada". En xeral, os matices afectivos acompañan o membro menos frecuente do par: *cabano*, *couso*.

4. Xénero inmotivado

Curiosamente, entre as distincións operadas pola oposición masculino / feminino inclúense aqueles casos en que, en palabras dos autores, a oposición de xénero se atopa suspendida e a adscrición ó masculino ou ó feminino non está motivada semanticamente. Tamén se proporciona información sobre o xénero de certos grupos de nomes (froitas e árbores, letras, nomes de números, ríos, montes, cabos, océanos, mares e puntos cardinais).

Xa no apartado da morfoloxía, vólvese ás regras tradicionais, se ben esta vez distribuídas segundo a clasificación previa dos substantivos, o que supón unha repetición desta:

1. Substantivos masculinos ou femininos sen oposición de xénero: *o mar*, *a auga*.

O frecuente é:

a) *-o* para o masculino, *-a* para o feminino, con excepcións nos dous sentidos: *a libido*, *o día*;

b) a heteroxeneidade nos substantivos en *-e*: son femininos a maioría dos rematados en *-axe* e os que rematan en *-se*, *-ite*, *-ade*, e masculinos os que rematan en *-ote*, *-ume*, e en xeral os rematados en *-me* (*abdome*); outros casos son inclasificables: *o aceite*, *a sebe*;

c) os femininos en *-á*, *-ei* (*a ra*, *a mazá*, *a lei*) e os masculinos en *-au* (*o*), *-oi* (*boi*);

d) a práctica ausencia de relación entre a terminación e o xénero nos rematados en consoante; con todo, os rematados en *-l*, *-s*, *-n* son normalmente masculinos, e os en *-ción* son femininos. Os en *-z* son con máis frecuencia femininos e os en *-r* vacilan, con maioría de femininos en *-or*: *o mar*, *a cor*.

2. Substantivos que presentan sincretismo formal entre masculino e feminino; o xénero vén especificado polos determinantes: *o* / *a atleta*.

3. Substantivos con distinción de xénero, relacionados morfoloxicamente: o masculino non presenta marcas de xénero (termo non marcado), mentres o feminino presenta o morfema flexivo de xénero (termo marcado). Regras de formación do feminino:

a) Substantivos con singular en *-o*, *-e:* perden a vocal final e engaden *-a* (*fillo* / *filla*, *parente* / *parenta*). Os rematados en *-ao*, polo xeral xentilicios, fan o feminino en *-á: lancarao* / *lancará*. Segue unha aclaración fonética, no sentido de que algúns destes substantivos presentan en gran parte do dominio galego, o afectado pola metafonía, unha marca redundante de xénero: a vocal media pechada no masculino e aberta no feminino: *sogro* / *sogra*, *cancelo* / *cancela*.

b) Substantivos con singular terminado en vocal tónica: engaden *-a* sen altera-la base (*avó* / *avoa*); excepción: *xudeu* / *xudía* (realmente non se trata dunha vocal, senón dun ditongo).

c) Substantivos en *s-*, *-z*, *-l*, *-r*, é dicir, consoante distinta de *-n*, engaden *-a: deusa*, *rapaza*, *española*, *doutora*.

d) Desigual comportamento nos substantivos en *-n*. Se rematan en *-ín*, engaden un *-a* sen altera-la base (*bailarín* / *bailarina*; non se menciona a excepción do adxectivo e substantivo *ruín*); o mesmo ocorre nos rematados en *-ón* (*ladrón* / *ladrona*, *patrón* / *patrona*) e algúns en *-án* (*alemán* / *alemana*, *capitana*, *folgazana*, *gardiana*, *musulmana*. Tódolos rematados en *-ón* admiten ademais un feminino en *-oa*, con perda do *-n* ó engadi-lo *-a* (*ladrón* / *ladroa*) e algo similar sucede con outros en *-án* / *-á*, que presentan crase dos dous *aa: aldeán* / *aldeá*, *anciá*, *artesá*, *castelá*, *cidadá*, *ermitá*, *irmá*, *tecelá*.

4. O feminino fórmase cun morfema derivativo sobre a mesma base léxica có masculino: *galo* / *galiña*, *sacerdote* / *sacerdotisa*, *barón* / *baronesa*. Non se trata dun recurso productivo na lingua.

Nesta clasificación non se mencionan os heterónimos nin os epicenos.

Escasas novidades con respecto a este traballo ofrece o artigo asinado por dous dos autores desa gramática no 1994. En Álvarez Blanco e Monteagudo Romero (1994: 1-21) afírmase que os substantivos con "xénero común" son normalmente de introducción recente ou voces eruditas. Chama a atención o feito de que desaparece toda alusión ós

heterónimos[6]. Distínguese entre substantivos temáticos (en *-a*, *-o*, *-e*) e atemáticos (en *-r*, *-s*, *-l*, *-n*, *-z* ou *-Ø*) como punto de partida para realiza-la distribución das palabras en xéneros segundo a súa forma. Ademais doutras indicacións sobre o xénero e a terminación, os autores sinalan que para os nomes en *-ón* existen as solucións *-ona*, "a máis corrente", *-oa*, "moi infrecuente" e *-a*, "excepcional" (*ladra*) (1994: 5), o que podería interpretarse como un cambio de teoría en relación coa gramática de 1986, a menos que se refira estrictamente ó uso que se fai de cada solución.

Rematamos este percorrido polas gramáticas galegas coa de Costa Casas *et al*. (1988: 71-84), dirixida basicamente ó ensino e onde se dedican moitas páxinas á cuestión do xénero. Defínese este como categoría propia dos substantivos, adxectivos e pronomes, concretada por medio do morfema de xénero, que pode estar no substantivo, establecendo unha oposición contrastiva de significados (sexo, tamaño ou outras características), como en *gato* / *gata*, *cancelo* / *cancela*; ou nos determinantes e modificadores (*esta gata*, *axente secreta*). Cabe comentar que, no primeiro caso, como vimos, non sempre se pode falar en sentido estricto de "oposición contrastiva de significados"; ás veces trátase simplemente de diferencias de significado (pensemos nos femininos de nomes de oficio que non indican o mesmo có masculino). No segundo, cítanse exemplos dispares, pois nun caso a marca de xénero dos determinantes e modificadores é redundante e no outro non; non se exemplifican, en cambio, os substantivos que non entran en oposición de significado ou os heterónimos.

Divídese o estudio do xénero en tres apartados: comportamento xeral dos nomes en canto ó xénero, estudio especial do xénero inmanente nos nomes substantivos e flexión de xénero nos nomes.

A oposición significativa de sexo sería a máis frecuente; as outras oposicións que sinalan son individual / colectivo, de tamaño e de forma, ou ben conxuntamente de forma e tamaño (*barco* / *barca*, *canastro* / *canastra*, *cesto* / *cesta*, *fouciño* / *fouciña*). De novo, non se entende moi ben cómo pode haber "oposición" de forma (o que hai son "diferencias" de forma). Polo que se refire ó tamaño, normalmente o feminino sería o máis grande ou o normal e o masculino o máis pequeno: *horta* / *horto*, *leira* / *leiro*; pero outras veces é o masculino o de tamaño normal: *agro* / *agra*, *saco* / *saca*. Os casos en que o masculino indica o exemplar máis grande non son habituais: *machado* / *machada* (*cf*. Carballo Calero 1979). A voz que indica o tamaño diferenciado pode ter outros valores (*leiro*, depreciativo), e tamén pode ocorrer que a oposición estea neutralizada, de maneira que nalgunhas zonas tales nomes serían sinónimos plenos (non se achegan exemplos).

[6] Non son os únicos en omitir este tipo de nomes. Así, tampouco os inclúe para o español A. Hönigsperger (1992); en cambio, esta autora, seguindo a tendencia do *Esbozo* da R.A.E. e outras obras (en concreto, a de J. Escarpanter, *Introducción a la moderna gramática española,* Madrid, Playdor, 1974, 103-104), considera epicenos nomes como *multitud, rebaño, matrimonio,* nomes de substantivos con valor xenérico (*el hombre es fiero*) e nomes en plural que designan o conxunto de macho e femia (*los reyes de Dinamarca*); exemplos diversos, en calquera caso, do de *formiga*.

Tamén aquí existe reflexión sobre os morfemas de xénero, que serían *a* para o feminino, cos alomorfos [*a*], [*á*], e *o* para o masculino, cos alomorfos [*o*], [*e*], [*u*] átonos, e *Ø* cando a palabra remata en vocal tónica ou consoante (aínda que só neste último caso habería distribución complementaria respecto ós demais alomorfos): *mestre* / *mestra*, *branco* / *branca*, *cru* / *crua*, *hortelán* / *hortelá*, *ateu* / *atea*[7]. En lugar de empregar as expresións de "marcado" / "non marcado", utilizan as de "máis marcado" (o feminino, por indicar unha particularidade dentro da especie) / "menos marcado" (o masculino, por indicar en moitos casos a especie) e maniféstanse en contra da expresión "formación do feminino" (1988: 10):

> "Convén salientar que non se debe falar de formación de feminino a partir do masculino ou de plural a partir do singular, xa que propriamente non derivan uns de outros, senón que se trata de regras de flexión en que entran en oposición ou variación morfo-significativa os morfemas de xénero e número, de modo similar ao que acontece na flexión verbal, onde tamén se observa oposición morfo-significativa entre morfemas modo-temporais, número-persoais, etc.".

Esas regras explicarían o mecanismo da estructuración morfemática do masculino fronte ó feminino ou viceversa, e son as consignadas habitualmente, pero seguindo a teoría morfemática antes exposta.

Distínguense dous tipos de substantivos: con flexión de xénero (volven ó concepto de "oposición contrastiva de significado") e sen ela. Estes últimos non teñen morfema propio de xénero, xa que a vocal final é temática, e divídense en substantivos de xénero inmanente ou inmotivado, cun único xénero inherente, que non entra en oposición con outro (*a árbore*, *o urogalo*), e os de xénero contextual, que contan con dous xéneros, pero indicados pola concordancia contextual (*o* / *a artista*). Vemos cómo entre os substantivos de xénero inmotivado inclúen de modo coherente nomes de seres sexuados, os tradicionais epicenos, que se poderían considerar tamén un subapartado.

Noutro momento indican axeitadamente a conveniencia de desliga-la flexión de xénero morfolóxico mediante morfemas específicos que normalmente indican oposición sexual, desta oposición por outros procedementos, ben sexan léxicos (por derivación: *sacerdote* / *sacerdotisa* ou por medio de bases léxicas diferentes: *home* / *muller*), ben sexan léxico-sintácticos (*águia macho* / *águia fémea*) (1988: 10).

Para os adxectivos existirían os mesmos grupos: con flexión, a maior parte *o* / *Ø* para o masculino e *a* para o feminino (*alemán* / *alemá*, *branco* / *branca*), o que constituiría un xénero concordante; e sen flexión, cunha única forma para os dous xéneros (se hai vocal final, é temática): *alegre*, *feliz*, *frutal*, *hipócrita*, *lunar*, *nobre*, *ruin*, *simples*, *só*.

[7] Séguense os criterios normativos da Asemblea da Asociación de Profesores de Lingua e Literatura, "que toman como referencia as Normas de 80 da Comisión de Lingüística da Xunta Pre-Autonómica, concretizadas e matizadas nalgun ponto polo 'Manifesto por un acordo necesário'" (1988: 5-6).

O feito de que algúns substantivos de xénero inmanente rematados en *-a* sexan masculinos e algúns en *-o* femininos indicaría precisamente que non se trata de morfemas de xénero: *a dinamo*, *a rádio*, *o día*, *o fantasma*, *o alerta*, *o estrataxema*, *o samba*, *o nada*. Así e todo, cómpre non esquecer que nomes como *a radio* son unha abreviatura de palabras femininas máis longas con outra terminación e que, para moitas destas voces, son cuestións de carácter histórico as que determinaron a súa adscrición a un ou a outro xénero (*o día*), segundo a súa orixe e as vicisitudes lingüísticas; outros casos citados non concordan coa normativa actualmente vixente. O mesmo ocorre con algúns nomes epicenos, que poden variar de xénero segundo as linguas e incluso ser nomes con alternancia xenérica dependendo en parte do interese que a expresión do sexo teña para cada grupo de falantes.

2. CARA A UNHA VISIÓN GLOBAL

2.1. Reflexións xerais sobre a gramaticografía galega

Como calquera obra humana, toda gramática é froito dunha época, dun determinado contexto histórico-social e, neste caso, dunha determinada situación dos coñecementos. Así hai que entender tamén a tradición gramatical galega no seu conxunto e, en concreto, no relativo á cuestión que nos veu ocupando ó longo destas páxinas. Desde a gramática de Mirás ata as últimas gramáticas estudiadas hai unha progresión evidente que, no caso do galego, tivo que ser moito máis rápida ca noutras linguas, se temos en conta a data da primeira producción. A gramática de Mirás (1864) nace nese século XIX tan fructífero para a cultura galega, e concretamente na mesma década en que aparecen os *Cantares gallegos* de Rosalía (1863), o primeiro diccionario galego (*Diccionario gallego-castellano*, de Francisco Javier Rodríguez, 1863) e un pouco máis tarde a gramática de Saco (1868), isto é, nun momento de eclosión cultural despois de moito tempo de esmorecemento. É evidente, pois, a distancia cronolóxica existente entre o inicio desta tradición e as correspondentes ás linguas románicas do noso contorno (provenzal, español, portugués, francés…). Se nos inicios da tradición gramatical románica a influencia do latín levou a que se calcasen os modelos gramaticais desta lingua, a situación da lingua galega fará que, candos e empecen a produci-las primeiras obras, o castelán estea sempre presente como lingua de referencia, en maior ou menor medida. Moi grande e desacertada é, desde logo, a influencia do castelán na gramática de Mirás (abonda con botar unha ollada ó apartado verbal); pero xa desde o mesmo título a obra non leva a engano: é unha gramática feita desde o castelán que ten como única xustificación facer comprensible o galego. Compárese coa seguinte cita de Saco (1868: VII), na que o ourensán alude á utilidade que o coñecemento do galego tería para a aprendizaxe do castelán, argumento próximo ó empregado polo mesmo Nebrija (1989: 113) cando facía referencia ó proveito que para o estudio do latín tería o coñecemento do castelán:

> "No es mi ánimo con esto excitar al abandono ó descuido del majestuoso idioma castellano, el cual lejos de perder ganaría mucho con el estudio y comparación de los dialectos afines."

Igual que a influencia latina pesará durante moito tempo sobre a tradición romance, terá que pasar un longo período, sen dúbida da man da evolución política, social e cultural, ata que se elabore a primeira gramática feita non só en galego, senón desde o galego, a de Álvarez Blanco *et al*. (1986). Entre medias, cento vintedous anos de diferencia nos que cabe salienta-la importante contribución de Saco y Arce (1868), realizada a tan só catro anos da primeira, porque, a pesar da inevitable comparación co castelán que persistirá durante moito tempo, abre un abismo respecto a aquela pola amplitude e o rigor con que se tratan tódalas cuestións; de aí a influencia que exercerá sobre os autores sucesivos. Neste proceso cómpre destacar tamén a gramática de Lugrís (1922), aínda que escasamente orixinal, por se-la primeira realizada en galego, o que non volverá ocorrer ata moitos anos despois (Rábade *et al*. 1980). Algún retroceso cabe sinalar igualmente: despois do rigor que introduce a gramática de Carballo Calero (1966), a de Carré (1967) volverá a vellas formulacións. Xa nos tempos máis próximos, a gramática galega vai reflectindo novos métodos e conceptos lingüísticos.

Queda un aspecto importante que comentar como é o do carácter normativo ou non destas gramáticas. Descritiva é a de Mirás, que parece reflecti-la fala compostelá, e ata a de Lugrís non se manifesta abertamente un propósito normativo na producción gramatical; a partir de aquí será habitual un certo carácter normativo, ás veces baixo a etiqueta de "purismo", entendendo por tal un intento de evita-los dialectalismos e vulgarismos e de ofrecer solucións que poidan ser comúns ou estándares, aínda que o afán purista poida levar nalgunha ocasión a un certo desprezo pola fala do pobo, como en Carré. Evidentemente, ningunha delas é unha gramática normativa no sentido de "académica", isto é, referendada por unha instancia con autoridade normativizadora; nese sentido, ningunha é prescritiva. Unha gramática deste tipo está aínda por facer e é tarefa urxente facela. Iso non significa tampouco que a procedencia xeográfica dos respectivos autores non estea presente en moitas obras dun modo ou outro, nin sequera que se elimine de todo a información dialectal (*cf*. Lugrís, Carballo, Rábade…).

2.2. A gramaticografía galega e a cuestión do xénero

Parecidas reflexións poden facerse no tema específico deste traballo. Estraña a ausencia total de alusións ó xénero na gramática de Mirás, que pensou que a cuestión do xénero en galego era demasiado semellante á do castelán como para prestarlle atención. As definicións iniciais van na liña tradicional do xénero como accidente gramatical do nome en tanto que parte variable da oración, suxeita a unha declinación; a función que se lle asigna é fundamentalmente a de marca-la distinción de sexo. Saco decátase xa da complexidade que no fondo enmascara esta definición, sinala a posibilidade de que o feminino non sempre indique a femia correspondente ó macho do masculino (nomes de cargos, oficios…) e inaugura para o galego a idea de que o xénero pode coñecerse polo signi-

ficado, pola terminación e polo artigo. Como é lóxico, haberá que esperar un tempo ata que se vaian precisando todos estes aspectos. Ás veces, confúndese a distinción dos xéneros (para o nome, masculino e feminino) coas diferentes maneiras posibles de facela ou coa tipoloxía mesma dos nomes, como sucede con Valladares (1892), pero case sempre existe algunha contribución nova (no caso de Valladares, por exemplo, a ampliación da capacidade de indica-lo xénero a outros determinantes distintos do artigo definido).

Carballo Calero (1979) indica xa outras diferencias semánticas ás que pode dar lugar a oposición de xénero (tamaño, individual / colectivo), pero parece incluír entre os casos de oposición xenérica os substantivos que non presentan ningunha relación semántica ou etimolóxica entre si (*gramo* / *grama*), que ó noso modo de ver deberían ser excluídos e tratados como substantivos independentes con xénero inmotivado. A gramática de Carré marca un retroceso polo que supón de retorno a vellas propostas e pola súa simplificación. O tratado de Rábade *et al*. retoma practicamente as ideas de Carballo, incluíndo no mesmo apartado os substantivos do tipo *gramo* / *grama* e *o* / *a corte* e diferenciando "xéneros" masculino, feminino, común e epiceno. Só na gramática de Álvarez Blanco *et al*. se illan os caso do tipo *o* / *a corte* considerando que o xénero exerce aí unha función distintiva, fronte á clasificadora que divide os substantivos en clases mórficas e distingue os seres por diversas particularidades semánticas, definición que combina criterios formais e semánticos. Pódese dicir que por primeira vez se poñen ó mesmo nivel a indicación de sexo, loxicamente a máis frecuente, e a de tamaño, feitura, o carácter individual / colectivo, etc. Insístese en que xénero real e gramatical non teñen por qué coincidir e preséntase, por primeira vez tamén, a categoría de xénero como inherente ó substantivo, coas implicacións sintácticas que isto comporta. Respecto da clasificación dos substantivos, a máis rigorosa ata o momento, distínguese entre substantivos con oposición de xénero e os que carecen dela, diferenciando entre os primeiros os que realizan a distinción mediante o morfema flexivo de xénero, os que a realizan mediante un morfema derivativo e os que a realizan con significantes diversos. Introdúcese un terceiro grupo con sincretismo formal entre masculino e feminino (*o* / *a camarada*) e non se mencionan os nomes epicenos, ou se se prefire, os casos en que o xénero real existe pero non vai marcado gramaticalmente por ningún dos procedementos anteriores, e si por procedementos léxico-sintácticos. Estes nomes menciónanse no apartado das distincións semánticas que pode xera-lo xénero, en concreto na distinción macho / femia, pero como caso que queda precisamente á marxe da variación xenérica; no mesmo apartado incídese no matiz pexorativo que poden ter certos femininos, igual que no caso das diferencias de tamaño. Na parte dedicada ó xénero inmotivado, poderían engadirse algunhas regras orientativas (nomes rematados en *-axe*, *-ume*, etc.). Por último, parécenos destacable que esta gramática inicie a reflexión sobre o morfema de xénero en si mesmo, considerando o masculino termo non marcado e o feminino termo marcado.

Costa Casas *et al*. (1988) seguen reflexionando sobre os morfemas de xénero e distinguen varios alomorfos; refírense ó masculino como "termo menos marcado", substituín-

do a expresión "formación do feminino" pola de "flexión". Nesta gramática diferéncianse os substantivos que levan en si mesmos a marca de xénero e aqueles nos que o xénero é marcado polos determinantes e modificadores. No primeiro caso, sería máis exacto falar de diferencias semánticas que de oposición contrastiva de significados, como quedou dito. Outras indicacións coinciden coa gramática de Álvarez Blanco *et al*. Dividen os substantivos entre os que teñen flexión de xénero e os que carecen dela, á súa vez subdivididos en substantivos de xénero inmanente (inmotivado) e de xénero contextual, de maneira que os epicenos se inclúen entre os primeiros. Separan a flexión de xénero mediante morfemas específicos, mediante procedementos léxicos (os morfemas derivativos de Álvarez Blanco *et al*.) e mediante procedementos léxico-sintácticos (epicenos).

Vemos cómo durante moito tempo as gramáticas mesturaron sen orde as regras de tipo práctico, isto é, as tendencias xenéricas segundo as terminacións, coa clasificación dos substantivos e coas posibilidades de indica-lo xénero.

O xénero da maioría das voces sinaladas coincide co que se lles asigna nas *Normas* (1995) e no VOLG (1989) e nos diccionarios académicos. Pódense, con todo, mencionar certos grupos especiais de nomes que foron obxecto de consideración diversa, como o das letras, que para Cuveiro (1868) eran indistintamente masculinas ou femininas, para Valladares eran femininas e a partir de Lugrís teranse por masculinas. Os substantivos en *-axe* usaríanse como masculinos ou femininos segundo Lugrís, se ben el recomenda o feminino (1931: 25), pero son considerados xa femininos, practicamente coas mesmas excepcións que se sinalan hoxe, por Carballo, Rábade *et al*., Álvarez Blanco *et al*., Costa Casas *et al*. Idéntica coincidencia coa normativa actual se aprecia no tocante ós nomes de árbores froiteiras. En canto ós substantivos en *-án* / *-ano*, non se distinguen as súas orixes etimolóxicas. Quizais as gramáticas que máis discordancia amosan en casos concretos coa normativa actual sexan a de Valladares e, sobre todo, as de Rábade *et al*. e Costa Casas *et al*. Unha evolución que cabe sinalar é a da progresiva reducción do elenco de nomes ambiguos, efectivamente escasos en galego, e que en autores como Valladares eran excesivos, sen dúbida por influencia do castelán. A norma actual aparécese así como froito dunha fixación paulatina.

2.3. Para finalizar

Despois desta análise, varias cuestións parecen quedar un tanto confusas na tradición gramatical galega polo que se refire ó xénero, como o lugar dos epicenos e dos heterónimos. Á hora de establecer unha clasificación dos substantivos en canto ó xénero pode primarse como punto de partida o criterio formal ou o semántico. O xénero podería considerarse como a categoría gramatical inherente ós substantivos que permite dividilos en masculinos e femininos e que, desde o punto de vista funcional, marca fundamentalmente relacións de carácter intrasintagmático[8]. Outra cuestión é defini-los termos "masculino" e "feminino", que en orixe irían asociados á distinción de sexos.

[8] Sobre estas cuestións, *v*. Hernández Alonso (1984: 394 ss.).

Conforme a esta definición, unha primeira clase de substantivos serían aqueles con xénero fixo ou único (salvando os poucos casos de xénero vacilante), que non poden acoller variación na súa forma, nin tampouco no determinante que os acompaña. A adscrición do xénero pode ser motivada, en nomes de seres sexuados (*a muller*), ou inmotivada (*a casa*, *o coche*, *a formiga*, e nomes como *o corte* / *a corte*, que son en realidade dúas voces diferentes con cadanseu xénero); con todo, ás veces, aínda que esta adscrición sexa inmotivada no sentido de que non existe realmente sexo, pode apoiarse en similitudes morfolóxicas (nas terminacións) ou mesmo en certa coincidencia de semas (parecidos na forma, no emprego…). Fronte a estes substantivos existen outros que presentan variación de xénero, ben mediante morfemas flexivos (*-o* / *-a…*), ben mediante morfemas derivativos (*sacerdote*, *sacerdotisa*), ben mediante a variación xenérica dos determinantes, que serían outro tipo de morfemas gramaticais (*o* / *a camarada)*. Aínda que na meirande parte dos casos esta flexión indica unha oposición de sexo, non sempre é así, de xeito que podemos atopar outros tipos de oposición ou diferencias de significado (*cesto* / *cesta*), incluso entre os nomes de seres sexuados *(o alcalde* / *a alcaldesa* como muller do alcalde). Cómpre, pois, desliga-lo xénero gramatical dos procedementos de flexión, que non sempre indican (só) variación de sexo. Sexo e xénero gramatical non sempre coinciden. De aí que ós falantes lles poida interesar marca-lo sexo de certos nomes de seres mediante outros procedementos tradicionalmente considerados léxicos ou léxico-sintácticos, como a aposición (*a formiga macho*). Da mesma maneira, a lingua pode reflectir mediante palabras distintas unha variación real de sexo (*o cabalo* / *a egua*); a variación semántica non se corresponde aí cunha variación puramente gramatical.

Por último, poden establecerse orientacións sobre as tendencias dos substantivos a un xénero ou a outro en razón da súa terminación: os acabados en *-o* maioritariamente masculinos, os rematados en *-a* xeralmente femininos, etc. [9]

Se se prima o criterio semántico como punto de partida, a división inicial podería ser entre substantivos que non entran en oposición masculino / feminino con outros e os que a permiten, no seo dos cales cabería establece-los correspondentes subgrupos segundo o procedemento empregado para marca-la oposición (substantivos que sofren modificación formal para indica-la oposición ou os que non a sofren), coas variantes que caiban en cada caso e coas debidas excepcións [10].

[9] Só nos substantivos rematados en *-o* e en *-a* pode asegurarse de antemán con bastante probabilidade de acerto o seu xénero. No resto dos casos, este coñécese en realidade polas relacións sintácticas de concordancia que o substantivo xera noutras "clases de palabras" (determinantes e adxectivos). Se a un estranxeiro que coñeza escasamente o galego se lle mencionan as palabras *árbore* ou *pavor,* pode ter bastantes dificultades para asignarlles o xénero (seguramente tenda a atribuírlles o mesmo xénero da súa lingua de orixe, non necesariamente coincidente co do galego). Sábeo, en cambio, de inmediato ó ler ou oír *a árbore xigantesca, un horrendo pavor*.

[10] *V*. *Normas* (1995) a este respecto.

1. Obras estudiadas

Álvarez Blanco, R., X. L. Regueira e H. Monteagudo (1986), *Gramática galega*, Vigo, Galaxia.

Álvarez Blanco, R. e H. Monteagudo Romero (1994), "Evolución lingüística interna. I. Gramática", en G. Holtus, M. Metzeltin e Chr. Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, Tübingen, Niemeyer, VI, 2, 1-21.

Carballo Calero, R. (1979), *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia, 7ª ed. (1ª ed. 1966).

Carré Alvarellos, L. (1967), *Gramática gallega*, La Coruña, Imprenta Moret.

Costa Casas, X. X. *et al*. (1988), *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*, A Coruña, Vía Láctea.

Cuveiro Piñol, J. (1868), *El habla gallega*. *Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, Pontevedra, Impr. J. A. Antúnez y Cía.

Lugrís Freire, M. (1931), *Gramática do idioma galego*, A Coruña, Imprenta Moret, 2ª ed. corr. e aum. (1ª ed. A Cruña, Zincke Hermanos, 1922).

Mirás, F. (1864), *Compendio de gramática gallego-castellana*, *con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, etc*., Santiago de Compostela, ed. Facsímil Madrid, Akal Editor, 1978.

Normas (1995), *V. infra* Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.

Rábade, X. C., X. R. Pena e Mª C. Vázquez (1980), *Gramática metódica da língua galega*, A Coruña, Eds. do Rueiro.

Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1995), *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, 2ª ed. rev. (1ª ed. 1982).

Saco Arce, J. A. (1868), *Gramática gallega*, Lugo, Imprenta Soto Freire.

Valladares Núñez, M. (1970), *Elementos de gramática gallega* (ms. Vilancosta 1892), Vigo, Galaxia.

2. Obras consultadas

Alarcos Llorach, E. (1994), *Gramática de la lengua española*, Madrid, Espasa-Calpe.

Bello, A. (1980), *Gramática de la lengua castellana*, Madrid, Edad Universitaria (1ª ed. Santiago de Chile, 1847).

Brea, M. (1994), "Gramaticografía e lexicografía", en G. Holtus, M. Metzeltin e Chr. Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, Tübingen, Niemeyer, VI, 2, 110-129.

Fernández Ramírez, S. (1986), *Gramática española, vol. III: El nombre*, preparado por J. Polo, Madrid, Arco / Libros, 2ª ed.

Fernández Rei, F. (1990), *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

Hernández Alonso, C. (1984), *Gramática funcional del español*, Madrid, Gredos.

Hönigsperger, A. (1992), "Flexión", en G. Holtus, M. Metzeltin e Chr. Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, Tübingen, Niemeyer, VI, 1, 77-90.

Nebrija, A. de (1989), *Gramática de la lengua castellana (1492)*, estudio y ed. de A. Quilis, Madrid, Centro de Estudios Ramón Areces.

Real Academia Española (1991), *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Madrid, Espasa-Calpe (1ª ed. 1973).

Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1989), *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG)*, Versión provisional, tirada dactilografada, 2 vols.

Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1990), *Diccionario da lingua galega*, A Coruña / Santiago de Compostela.

Real Academia Galega (no prelo), *Diccionario da Real Academia Galega*, Vigo, Galaxia / Edicións Xerais de Galicia, A Coruña / Vigo.

Regueira Fernández, X. L. (coord..) (1990-1992), "Bibliografía da lingüística galega (I)", *Cadernos de lingua*, 1990, 1, 165-200; (II), *ib*., 1990, 2, 155-209; (III), *ib*., 1991, 3, 175-194; (IV), *ib*., 1991, 4, 151-161, e (V), *ib*., 1992, 5, 119-148.

Spitzer, L. (1941), "La feminización del neutro", *Revista de Filología Hispánica*, 3, 339-371.

Zenenko, G. P. (1983), "Acerca de la manifestación del género de los sustantivos y adjetivos como categoría gramatical en las lenguas romances ibéricas", *Verba*, 10, 231-249.

VOLG (1989), *V. supra* Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1989).